

## PROPOSTAS DE RECADACIÓN DE FONDOS EXCURSIÓN DE 4º ESO CURSO 24-25

Estimadas/os nais e pais de alumnos de 4º da ESO do IES ROU de Vigo:

Referente a excursión de 4º da ESO queremos salientar que:

- A organización da excursión de 4º da ESO realízaa o equipo directivo do centro.
- A ANPA quere axudar ás familias que así o desexen a recadar fondos para sufragar parte da excursión dos/as seus/súas fillos/as. (aínda sen destino definitivo).

Na reunión celebrada o pasado xoves **19/09/2024 ás 7 da tarde** plantexáronse as seguintes propostas:

### - Rifas da Anpa:

A Anpa, ó igual co curso pasado, iniciará os trámites para realizar a rifa dunha cesta de produtos navideños que se entregará o/a posuidor/a da papeleta que coincida cos catro últimos números do primeiro premio da lotería de nadal do 22 de decembro. Isto permitiranos facer 9.999 rifas que se porán a disposición do alumnado que vaia a ir á excursión de 4º da ESO proposta polo equipo directivo do noso centro.

Estas rifas serán de balde para as familias socias da Anpa e as familias interesadas na súa venda que non sexan socias deberán aboar, por cada taco de rifas, unha cantidade que se informará en canto estean definitivamente preparadas en función do custo das xestións/impresión das mesmas.

En próximas datas enviaremos información definitiva sobre cando e como se comezará a facer entrega das mesmas ó alumnado interesado.

### - Venta de produtos de Nadal “Dulces el Patriarca”

Co interese de poder comezar canto antes, sobre todo tendo en conta a limitación da campaña de nadal, a próxima semana ultimaranse todas as xestións para empezar a distribución dos produtos para que os interesados poidan a comezar coas vendas.

Adxunto a esta mensaxe vai o catálogo de produtos e o listado de prezos para que poidan comprobar si é do seu interese aquelas familias que non puideron vir á reunión.

Os interesados na venda de estes produtos deben cubrir o formulario que figura anexo ó final do documento. Os datos remitiranse a “Esteban” o representante de “El Patriarca” a fin de que este organice un grupo de difusión por whatsapp dende o que remitir información sobre procedemento de alta na aplicación, xestión dos pedidos e días de entrega de pedidos (previsiblemente serán os luns de seis a sete menos cuarto da tarde no Instituto).

## PROPOSTAS DE RECADACIÓN DE FONDOS EXCURSIÓN DE 4º ESO CURSO 24-25

### - Venta de produtos “Luicar”

Neste caso son produtos variados, non só de Nadal. Adxúntase tamén o catálogo de produtos e prezos.

Os pedidos xestiónanse individualmente e os produtos traeranos ó instituto os días acordados coa empresa (XA INFORMAREMOS QUE DÍA SERÁ)

Os interesados na venta de estes produtos, deberán cubrir o formulario anexo para facilitar á empresa e recibir información específica sobre a xestión dos pedidos.

Ambas empresas de venta de produtos permiten facer pedido e aboar o coste dos pedidos despois da súa venta, antes do seguinte pedido tanto por transferencia bancaria como por bizum.

AGRADÉCESE QUE OS INTERESADOS CUBRAN O FORMULARIO MÁXIMO **MARTES 1 DE OUTUBRO** PARA QUEN ASÍ O DESEXE PODA EMPEZAR O MÁIS PRONTO POSIBLE COA VENTA DE PRODUTOS

O PRAZO DE RECOLLIDA DE RIFAS, AVISARASE EN CANTO ESTÉN PREPARADAS.

### **FORMULARIO PARA ANOTARSE PARA PARTICIPAR NA VENDA DE PRODUTOS:**

<https://forms.gle/kbWvNTVARxiyaG6Q9>

Un saúdo

Anpa ROU